

Considérase necesario o apoio institucional para alcanzar a igualdade real de oportunidades entre mulleres e homes na sociedade, xa que é unha responsabilidade da cidadanía traballar conxuntamente para lograla.

Por este motivo, un ano máis e co gallo da conmemoración do 8 de marzo “ Día da Muller” ou “Día da Muller Traballadora” dende a Deputación Provincial da Coruña quérese xerar reflexión e conciencia na mocidade, xa que é o motor do cambio e do futuro, ademais de fomentar a súa participación nunha actividade de sensibilización que se convoca por sexto ano consecutivo: VI edición do concurso de viñetas baixo o título “Elas”, dedicado este ano a reivindicar e visibilizar o papel da muller no sector primario na provincia da Coruña.


ZAIRA RODRÍGUEZ PÉREZ

Deputada área Benestar Social, Políticas de Igualdade e Normalización Lingüística



VI Concurso de Viñetas ELAS

Conmemoración do 8 de marzo “día da muller”



VI CONCURSO DE VIÑETAS “ELAS” 2015

I. Quen pode participar?

Poderán participar todas as persoas físicas con idades comprendidas entre 12 e 18 anos, de calquera nacionalidade, que se presenten individualmente ou en grupo.

Só poderá presentar unha única obra orixinal e inédita escrita en galego e non premiada con anterioridade. Non poderán participar as persoas que foran premiadas con anterioridade.

O concurso ten dúas categorías de participación:

- CATEGORIA A: (idades comprendidas entre os 12 e 14 anos)
- CATEGORIA B: (idades comprendidas entre os 15 e 18 anos)

II. Como participar?

O premio concederáse á viñeta que, no marco da conmemoración do 8 de marzo como o “Día da Muller” consiga:

- Visibilizar e dignificar o papel da muller pola súa contribución ao desenvolvemento económico no sector primario: gandeiro, agrícola, pesqueiro, forestal, etc.
- Detectar desigualdades de xénero na división tradicional e desenvolvemento do traballo neste sector.
- Reivindicar os dereitos das mulleres que desenvolven a súa actividade produtiva en actividades ligadas á contorna.
- Reflexionar sobre a distribución das propiedades das explotacións e o acceso ás terras por parte das mulleres.
- Visibilizar o empoderamento deste colectivo de mulleres.

III. Como presentar o traballo?

Formato

A viñeta poderá presentarse en formato como mínimo DIN A 5 e como máximo en DIN A 4.

A historia a contar poderá estar composta por unha viñeta ou por un máximo de 6 viñetas cun fío condutor.

Poderá empregarse técnica libre.

A execución do traballo poderá ser manual ou dixital.

A obra presentarase nun soporte físico en papel.

A obra non poderá ir asinada co nome.

O idioma empregado será o galego.

Forma de presentación

Forma de presentación: os traballos entregaranse nun sobre pechado (1), no exterior do sobre indicárase VI Concurso de Viñetas: “Elas”, categoría na que se presenta (categoría A para persoas de entre 12 e 14 anos, e categoría B para persoas entre 15 e 18 anos) e un pseudónimo como identificador do traballo.

Dentro deste sobre irá o traballo e un sobre pechado (2) co pseudónimo no exterior, e no seu interior a folia de aceptación dos compromisos e autorización de datos de carácter persoal (anexo 1) cos datos requiridos.

IV. Prazos de presentación

Prazo: o prazo de admisión de obras ábrese o día seguinte á publicación das presentes bases no BOP e péchase o 8 de abril de 2015.

V. Onde presentar o traballo?

As candidaturas presentarase no Rexistro Xeral da Deputación Provincial da Coruña, Avda. Alférez Provisional 2, 15006 A Coruña, ou no indicado no art. 38.4 da Lei 30/1992, do 26 novembro, RXPAC, indicando no exterior do sobre: “VI Concurso de Viñetas: “Elas” Deputación da Coruña.

VI. Que premios se outorgan?

CATEGORIA A: (idades comprendidas entre os 12 e 14 anos)

Outorgarase primeiro, segundo e terceiro premio.

- Primeiro premio: consistirá nun iPad Air e unha colección de cómics.
- Segundo e terceiro premio: consistirá nunha Tablet e unha colección de cómics.

CATEGORIA B: (idades comprendidas entre os 15 e 18 anos)

Outorgarase primeiro, segundo e terceiro premio.

- Primeiro premio: consistirá nun iPad Air e unha colección de cómics.
- Segundo e terceiro premio: consistirá nunha Tablet e unha colección de cómics.

A concesión do premio decidírase antes do 28 de abril de 2015, e darase a coñecer a través dos distintos medios de comunicación.

VII. Quen formará o xurado?

O xurado estará presidido polo Sr. presidente da Deputación ou persoa na que delegue e formarán parte del a deputada da área de Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero, e Normalización Lingüística, persoal da área de servizos provinciais e unha persoa de recoñecido prestixio no eido do deseño gráfico.

VIII. Cesión de dereitos e aceptación das bases

A deputación resérvase o dereito de modificar as condicións en calquera momento, incluso podendo chegar a anulalo ou deixalo sen efecto sempre que concurra causa xustificada, en todo caso comprométese a comunicalo pola mesma vía.

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

Para mais información das bases completas: www.dicoruna.es

FOLLA DE ACEPTACIÓN DOS COMPROMISOS DA CONVOCATORIA VI CONCURSO VIÑETAS, 2015

CATEGORIA A (12-14 anos) ☐ B (15-18 anos) ☐

DATOS DA PERSOA PARTICIPANTE

Nome e apelidos		Data de nacemento
Enderezo		
Localidade	Concello	Código postal
Teléfono	NIF	Pseudónimo empregado

Outros datos:

- ☐ Achégase fotocopia do DNI
- ☐ A participación nesta convocatoria supón a total aceptación das bases polo que se lle ceden os dereitos para que a Deputación poida empregar o traballo para calquera campaña de sensibilización e información das actividades da Deputación da Coruña relacionadas co fomento da igualdade de xénero.

Lugar e data _____

(sinatura da persoa participante)

Autorización para a publicación dos datos persoais* e cesión de imaxe das persoas participantes menores de idade no concurso de viñetas “Elas” actividade no marco da conmemoración do 8 de marzo “Día da Muller” 2015.

Don/ Dona.....
con DNI como pai/nai ou titor/a do/a menor
autorizo á Deputación da Coruña ao emprego dos datos de carácter persoal e imaxes para fins de difusión e publicidade que se considere conveniente no marco do fomento da igualdade de xénero.”

_____ de _____ de 2015

Asinado
(pai, nai, titor/a legal)

* Segundo o disposto no artigo 18 da Constitución, Lei 1/1982, do 5 de maio, sobre o dereito ao honor, a intimidade persoal e a propia imaxe e a Lei 15/1999, do 13 de decembro, sobre a protección de datos de carácter persoal.

* Este documento engadírase no sobre pechado (2) depositado no interior do sobre (1) que contén o traballo.